

## CERTIFICACIÓN

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

**CERTIFICO:** Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día xoves 26 de xullo de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

**“PUNTO TERCEIRO.- APROBACIÓN INICIAL PROXECTO DE EXPROPIACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA PARA EXECUCIÓN DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS (PEID) PARA DOTACIÓN ESCOLAR NO MILLADOIRO.**

### **Expediente 2018/213/000006**

Na sesión do Pleno do concello de Ames de data 27 de decembro do 2012, deuse aprobación definitiva ao Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (PEID) para dotación educativa, no que fíxase como sistema de actuación ó de expropiación.

Figura no expediente Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta dos terreos incluídos no PEID, redactado, por encargo do Concello, polo arquitecto Isidro López Yáñez (colexiado 2261) e a enxeñeira técnica agrícola Beatriz Blanco Lois (colexiada 1909), datado o 28 de maio do 2018, e posterior corrixido de data 5 de xullo de 2018.

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de urbanismo que son do teor literal seguinte:

### **Informe da arquitecta municipal do seguinte teor literal:**

**"URBANISMO**

*Expediente 2018/213/000006*

**EXPROPIACIÓN POLO PROCEDIMENTO DE TAXACIÓN CONXUNTA PARA DOTACIÓN ESCOLAR NO MILLADOIRO**

#### Documento:

*Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta dos terreos incluídos no Plan Especial para Dotación Escolar no Milladoiro, de data maio de 2.018.*

*Técnicos redactores: Isidro López Yáñez, arquitecto.*

*Beatriz Blanco Lois, enxeñeira técnica agrícola.*

*Entregan novo exemplar corrixido o 5 de xullo de 2.018*

#### Antecedentes e xustificación da actuación.

*A demanda de prazas escolares insatisfeita xerada polo forte crecemento poboacional en curto prazo de tempo do núcleo do Milladoiro xustifica a necesidade da implantación dun novo centro de ensino. A consellería de Educación mostrou a súa disposición para a súa construción, solicitando a selección e cesión dunha parcela con este fin.*

*O concello de Ames promove a redacción do planeamento correspondente aos efectos e no Pleno do concello de data 27 de decembro de 2.012 aproba definitivamente o Plan Especial de Dotacións para implantación dunha Dotación Escolar no Milladoiro. O referido plan especial establece a expropiación coma sistema de actuación.*

*Polo exposto, a finalidade da tramitación do Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta dos terreos incluídos no Plan Especial para Dotación Escolar no Milladoiro é acadar o solo previsto para execución deste equipamento escolar en desenvolvemento das previsións do planeamento vixente.*

#### Emplazamiento:

*As parcelas do ámbito para a implantación da nova dotación escolar están situadas entre a estrada local de Milladoiro a Laraño (nomeada Rúa Nova no tramo urbano do Milladoiro) e o camiño de Millalar a Ventín.*

#### Normativa urbanística aplicable:

*-Lei 2/2016, de 2 de febreiro do solo de Galicia e D. 143/2.016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento.*

Pz. do Concello, nº2. Bertamiráns atencióncidada@concellodeames.gal Telf: 981 883 002  
15220 AMES (A Coruña) www.concellodeames.gal Fax: 981 883 925

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica do Concello (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

-RD Legislativo 7/2015, de 20 de junio, por el que se aprueba el texto refundido de la ley del suelo.

-Lei de expropiación forzosa e o seu regulamento.

-Plan Xeral de Ordenación de Ames.

INFORME:

Antecedentes

A expropiación para obtención do solo delimitado aos efectos polo vixente Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación de dotación escolar no Milladoiro e a súa aprobación e vixencia indefinida, supón declaración de utilidade pública e necesidade e ocupación de bens e dereitos segundo prevé a propia Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LS en adiante) no artigo 82 e o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 143/2.016, do 22 de setembro (RLS en adiante) no artigo 202 que habilita á súa execución.

Artículo 202. Declaración de utilidade pública

1. La aprobación de los instrumentos de planeamiento urbanístico implicará la declaración de utilidade pública y la necesidade de ocupación de los bienes y derechos afectados a los fines de expropiación o imposición de servidumbres (artículo 85.1 de la LSG), cuando dichos instrumentos habiliten para su ejecución y esta deba producirse por expropiación.

Consta a vixencia do Plan Especial para Dotación Escolar no Milladoiro e tramitación nas datas seguintes

2012-12-27 Aprobación definitiva

2013-01-18 BOP da Coruña

2013-02-05 DOGA

-Polo tanto, e para inicio da tramitación da expropiación da xestión do vixente planeamento de desenvolvemento "Plan Especial de Dotacións para implantación dunha Dotación Escolar no Milladoiro" segundo o artigo 293 do RLS faise solicitude ao rexistro da propiedade de expedición de certificación de dominio e cargas de todas e cada unha das parcelas incluídas no ámbito definido recibida ao rexistro da Propiedade de Negreira en data 18 de xuño de 2.018.

PLANIMETRÍA DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN

Planos contidos no Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta dos terreos incluídos no Plan Especial para Dotación Escolar no Milladoiro, de data maio de 2.018 en cumprimento do 220.3 do RLS.

Teñen a claridade suficiente.

A simboloxía e numeración é uniforme.

Dispón de base catastral.

La base gráfica catastral coincide ostensiblemente con la registral, dado que se trata de parcelas provenientes de la concentración parcelaria e recentemente inscritas.

Polo tanto, os planos contidos no proxecto cumpren co previsto no RLS

- CONTIDO DO PROXECTO DE EXPROPIACIÓN

Artículo 292. Contido do proxecto de expropiación

En los supuestos del procedimiento de tasación conjunta, se formulará un proxecto con los siguientes documentos:

- Delimitación del ámbito territorial, con los documentos que lo identifiquen en cuanto a situación, superficie y lindes, con descripción de bienes y derechos afectados y relación de las personas titulares.
- Fijación de precios, con valoración razonada del suelo, según su calificación urbanística.
- Hojas de justiprecio individualizado de cada finca, en las cuales se contendrá no solo el valor del suelo, sino también el correspondiente a las edificaciones, obras, instalaciones y plantaciones.
- Hojas de justiprecio que correspondan a otras indemnizaciones.
- Plano de situación.
- Plano de información urbanística.
- Plano parcelario, con referencia a todos los elementos físicos afectados.

-O perímetro de actuación que recolle o referido e vixente Plan especial de infraestruturas e dotacións para a implantación de dotación escolar no Milladoiro en coherencia co reflectido no proxecto de Expropiación inclúe as fincas sinaladas no seguinte listado, todas procedentes da concentración parcelaria Bugallido-Biduído (pol. 5) do concello de Ames compre precisar que todas estas fincas están contidas por completo no perímetro do PEID salvo unha delas, a parcela nº 1.431 que está contida parcialmente no perímetro do PEID

Nº finca	Enteiras ou parciais no perímetro do PEID
1.406	Fincas contidas enteiras no PEID
1.407	
1.408	
1.409	
1.410	

1.411	
1.412	
1.413	
1.431	Finca contida parcialmente no PEID
1.432	
1.433	
1.434	Fincas contidas enteiras no PEID
1.435	

En conclusión:

- O perímetro recollido no proxecto de expropiación aplícase ao polígono completo do PEID en coherencia co artigo 290.2 do RGU e o procedemento de aplicación recollido é de tasación conxunta.
- Á vista da documentación entregada o proxecto de expropiación atópase completo segundo o establecido no artigo 292 do RGU

- TRAMITACIÓN

Artículo 293. Procedimiento de aprobación y efectos

1. El procedimiento se iniciará mediante solicitud municipal al Registro de la Propiedad instando la expedición de la certificación de dominio y cargas de todas las parcelas incluidas en el ámbito objeto de expropiación. El registrador o registradora, al tiempo de expedir la certificación antedicha, extenderá anotación expresiva del inicio del expediente en los términos y con la duración y efectos previstos en la legislación hipotecaria. El registrador o registradora también informará sobre las parcelas no inscritas, expidiendo certificación negativa de no inscripción de las mismas.
2. El proyecto de expropiación, con los documentos señalados en el artículo 292, será aprobado inicialmente y expuesto al público por plazo de un mes, para que aquellas personas que pudieran resultar interesadas formulen las observaciones y reclamaciones que estimen convenientes, en particular en lo concerniente a la titularidad o valoración de sus respectivos derechos.
3. La información pública se efectuará mediante la inserción de anuncios en el Diario Oficial de Galicia y en un periódico de los de mayor circulación de la provincia (artículo 118.3 de la LSG).
4. Asimismo, las tasaciones se notificarán individualmente a aquellas personas que aparezcan como titulares de bienes o derechos en el expediente, mediante traslado literal de la correspondiente hoja de aprecio y de la propuesta de fijación de los criterios de valoración, para que puedan formular alegaciones en el plazo de un mes, a contar a partir de la fecha de notificación (artículo 118.4 de la LSG).
5. Cuando el órgano expropiante no sea el municipio, se oír a éste por igual plazo de un mes. El periodo de audiencia a la administración municipal podrá coincidir en todo o en parte con el de las personas interesadas (artículo 118.5 de la LSG).
6. Emitido informe sobre las alegaciones, se someterá el expediente a la aprobación del órgano municipal o autonómico que sea competente. Se entiende que el órgano autonómico competente será la persona titular de la consellería expropiante (artículo 118.6 de la LSG).
7. La resolución aprobatoria del expediente se notificará a las personas interesadas titulares de bienes y derechos que figuran en el mismo, confiriéndoseles un plazo de veinte días, durante el cual podrán manifestar por escrito ante el órgano expropiante su disconformidad con la valoración establecida en el expediente aprobado. En tal caso, se dará traslado del expediente y de la hoja de aprecio impugnada al Jurado de Expropiación de Galicia, a efectos de fijar el justiprecio, que, en todo caso, se hará de acuerdo con los criterios de valoración establecidos en la legislación vigente (artículo 118.7 de la LSG).
8. Si las personas interesadas no formularan oposición a la valoración en el citado plazo de veinte días, se entenderá aceptada la que se fijó en el acto aprobatorio del expediente, entendiéndose determinado el justiprecio definitivamente y de conformidad (artículo 118.8 de la LSG).
9. Los errores no denunciados y justificados en el plazo señalado en el apartado 2 de este artículo no darán lugar a la nulidad o reposición de actuaciones, sin perjuicio de que las personas interesadas conserven su derecho a ser indemnizadas en la forma que corresponda (artículo 118.9 de la LSG).
10. El acuerdo de aprobación definitiva del expediente de tasación conjunta implicará la declaración de urgencia de la ocupación de los bienes y derechos afectados (artículo 118.10 de la LSG). La ocupación comporta la necesidad de levantar un acta en los términos contenidos en la legislación estatal.
11. El pago o depósito del importe de la valoración establecida surtirá los efectos previstos en los números 6, 7 y 8 del artículo 52 de la Ley de expropiación forzosa, sin perjuicio de que continúe la tramitación del procedimiento para la definitiva fijación del justiprecio (artículo 118.11 de la LSG).

12. Con posterioridad a la aprobación definitiva del proyecto de expropiación, se procederá por el ayuntamiento a la inscripción registral de las parcelas en los términos contenidos en la legislación estatal y a instar del Catastro la actualización de su configuración y titularidad.

Polo exposto, PROPONSE á Xunta de Goberno Local acorde a aprobación inicial do Proxecto de Expropiación polo procedemento de taxación conxunta dos terreos incluídos no Plan Especial para Dotación Escolar no Milladoiro, documento entregado o 5 de xullo de 2.018 e redactado por Isidro López Yáñez, arquitecto e Beatriz Blanco Lois, enxeñeira técnico agrícola e someter o expediente a exposición pública."

### **Informe da asesora xurídica de urbanismo do seguinte teor literal:**

"ASUNTO: Proxecto de expropiación procedemento de taxación conxunta.

Execución do PEID para dotación escolar no Milladoiro.

TRÁMITE: Aprobación inicial

Expte.: 2018/213/000006

#### INFORME

##### 1.- Normativa aplicable

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, LSG.

- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que apróbase o Texto refundido de la Ley del suelo y rehabilitación urbana, TRLSRU.

- Plan Xeral de Ordenación Municipal, de 28 de xuño de 2002, PXOM.

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

-Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información e bo goberno.

##### 2.- Antecedentes

1. O 27 de decembro do 2012 aprobouse polo Pleno o Plan Especial de Dotacións para implantación dun dotacional educativo, ao abeiro da anterior Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, no que fíxase como sistema de actuación o de expropiación, opción posible neste caso xustificada na necesidade da implantación dun novo centro de ensino, segundo expónse no apartado 1.3 do PEID relativo á "Xustificación da conveniencia da modificación proposta".

2. O 7 de xuño do 2018 presentouse por encargo do Concello o Proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta dos terreos incluídos no PEID, redactado polo arquitecto Isidro López Yáñez e a enxeñeira técnica agrícola Beatriz Blanco Lois, e datado o 28 de maio do 2018.

3. A efectos de iniciar o devandito procedemento, o 18 de xuño solicitase do Rexistro da Propiedade de Negreira a práctica de nota marxinal do inicio e conseguinte expedición de certificación de dominios e cargas coa constancia dos enderezos de titulares de bens e dereitos afectados a efectos da notificación dos actos de tramitación. O 19 de xullo recóllese a devandita documentación do Rexistro e incorpórase ao expediente.

4. O 20 de xullo do 2018 a arquitecta municipal emite informe en senso favorable á aprobación inicial.

##### 3.- Consideracións legais

O art. 202.1 do vixente RLSG prevé que a aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico implicará a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes cando os ditos instrumentoshabiliten para a súa execución e esta deba producirse por expropiación. No mesmo senso, o art. 29.2 TRLS ao que engádesse que "Dicha declaración se extenderá a los terrenos precisos para conectar la actuación de urbanización con las redes generales de servicios, cuando sean necesarios"

Determinase como procedemento o de taxación conxunta dos arts. 291 e ss RLSG, coa consideración de propietario de ben ou titular dos dereitos obxecto da expropiación os que figuren no Rexistro da Propiedade. A tal efecto, solicitouse do Rexistro da Propiedade certificación de dominios e cargas e conseguinte práctica da nota marxinal de inicio de procedemento, o que recibese pola que subscribe o 19 de xullo do 2018.

Incorpóranse no Proxecto os datos rexistrados agás os enderezos, información esta que si consta na devandita certificación recabada polo Concello e que debe ser lida en conta nas notificacións dos trámites do procedemento en cuestión, sen prexuízo de que, no caso de notificación infrutuosa nos devanditos enderezos, podera tentarse a práctica dun xeito complementario nos enderezos que consten no catastro e/ou padrón municipal.

Así mesmo, indicar que constan dúas parcelas sen rexistrar, ámbalas dúas de propietario descoñecido, polo que

Pz. do Concello, nº2. Bertamiráns      atencioncidada@concellodeames.gal      Telf: 981 883 002  
15220 AMES (A Coruña)      www.concellodeames.gal      Fax: 981 883 925

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica do Concello (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).

nestas entenderanse as dilixencias co Ministerio Fiscal ex. Art. 291.5 RLSG sen prexuízo doutros casos que poderan xurdir na tramitación do procedemento que requiran tamén da intervención do ministerio público.

A documentación axústase ao previsto no art. 292 RLSG, mais semella que faltaría completar a esixencia contida no art. 220 RLSG relativa a que o soporte dixital dos proxectos de expropiación conteña xeorreferenciadas as parcelas de resultado finais. De ser así, deberá completarse o documento nese extremo (e outros extremos que poderan xurdir tralo trámite de información pública) con carácter previo á resolución aprobatoria do expediente que máis adiante referirase, agás que supoñan modificacións substanciais.

• Tramitación, aprobación: aplicaráselle o disposto no art. 293 RLSG. Para a competencia arts. 21.1 j), LBRL e Decreto 480/2016 de delegación do Alcalde na Xunta de Goberno Local.

O proxecto de expropiación, cos documentos sinalados no artigo 292, será aprobado inicialmente e exposto ao público polo prazo dun mes, para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que xulguen convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

A información pública efectuarase mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia, nun xornal dos de maior circulación da provincia, así coma no portal de transparencia do Concello. Así mesmo, as taxacións notificaráselles individualmente a aquelas persoas que aparezan como titulares de bens ou dereitos no expediente, mediante traslado literal da correspondente folia de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que poidan formular alegacións no prazo dun mes, contado a partir da data de notificación.

Emitido informe sobre as alegacións, someterase o expediente á aprobación do órgano municipal que sexa competente. A resolución aprobatoria do expediente notificaráselles ás persoas interesadas titulares de bens e dereitos que figuran nel, e conferiráselles un prazo de vinte días, durante o cal poderán manifestar por escrito ante o órgano expropiante a súa desconformidade coa valoración establecida no expediente aprobado. En tal caso, daráselle traslado do expediente e da folia de aprecio impugnada ao Xurado de Expropiación de Galicia para efectos de fixar o xusto prezo, que, en todo caso, se fará de acordo cos criterios de valoración establecidos na lexislación vixente

Se as persoas interesadas non formulan oposición á valoración no citado prazo de vinte días, entenderase aceptada a que se fixou no acto aprobatorio do expediente, e entenderase determinado o xusto prezo definitivamente e de conformidade.

O acordo de aprobación definitiva do expediente de taxación conxunta implicará a declaración de urxencia da ocupación dos bens e dereitos afectados. E a ocupación comporta a necesidade de levantar unha acta nos termos contidos na lexislación estatal.

O pagamento ou depósito do importe da valoración establecida producirá os efectos previstos nos números 6, 7 e 8 do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, sen prexuízo de que continúe a tramitación do procedemento para a definitiva fixación do xusto prezo.

Con posterioridade á aprobación definitiva do proxecto de expropiación, o concello procederá á inscrición rexistral das parcelas nos termos contidos na lexislación estatal e a instar do Catastro a actualización da súa configuración e titularidade.

• Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta do Plan Especial de Dotacións para dotación escolar no Milladoiro, promovido de oficio, redactado polo arquitecto Isidro López Yáñez e a enxeñeira técnica agrícola Beatriz Blanco Lois e datado o 5 de xullo do 2018.

Segundo.- Someter o devandito documento de proxecto de expropiación para dotación escolar a información pública polo prazo dun mes, para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que xulguen convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

A información pública efectuarase mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia, nun xornal dos de maior circulación da provincia, así coma no portal de transparencia do Concello.

Terceiro.- Notificar individualmente as taxacións a aquelas persoas que aparezan como titulares de bens ou dereitos no expediente, así como ao Ministerio Fiscal no que atinxe ás dúas parcelas de propietario descoñecido, notificacións que faranse mediante traslado literal da correspondente folia de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que poidan formular alegacións no prazo dun mes, contado a partir da data de notificación”.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables á aprobación inicial do proxecto de expropiación, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o proxecto de expropiación polo procedemento de taxación conxunta do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións (PEID) para dotación escolar no Milladoiro, promovido de oficio, redactado polo arquitecto colexiado 2.261 Isidro López Yáñez e a enxeñeira técnica agrícola colexiada 1909 Beatriz Blanco Lois e datado o 5 de xullo do 2018, coas condicións establecidas nos informes técnico e xurídico transcritos no corpo deste acordo.

**Segundo.-** Someter o devandito documento de proxecto de expropiación para dotación escolar a información pública polo prazo dun mes, para que aquelas persoas que poidan resultar interesadas formulen as observacións e reclamacións que xulguen convenientes, en particular no que atinxe á titularidade ou valoración dos seus respectivos dereitos.

A información pública efectuarase mediante a inserción de anuncios no Diario Oficial de Galicia, nun xornal dos de maior circulación da provincia, así coma no portal de transparencia do Concello.

**Terceiro.-** Notificar individualmente as taxacións a aquelas persoas que aparezan como titulares de bens ou dereitos no expediente, así como ao Ministerio Fiscal no que atinxe ás dúas parcelas de propietario descoñecido, notificacións que faranse mediante traslado literal da correspondente folla de aprecio e da proposta de fixación dos criterios de valoración, para que poidan formular alegacións no prazo dun mes, contado a partir da data de notificación.

**Cuarto.-** Facultar ó alcalde do concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado. "

E para que conste, aos efectos oportunos, asino o presente certificado co visto e prace do alcalde en Ames, a xoves 26 de xullo de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace  
O alcalde  
José Manuel Miñones Conde

A secretaria  
Rosa Ana Prada Queipo

C.I.F.: P - 1500200 - I